

escoración dos días

Rafa Villar

escoración... (I)

a chuvia

escarva paseniñamente
as fronteiras da soidade
e cospe silencio

cae cómplice
sobre nós
estendendo unha paisaxe
que se somerxe
nos días

chove
para que o tempo siga
a escribirse
nesta boca de terra
que nomeamos
desde o mar

chove
e ancoramos
a memoria

a memoria

como un exilio repetido
descrávase
na resaca dos días
salferíndonos

arríncase das nosas unllas

e fere
como só feren as palabras
cuspidas

mais a memoria
é tamén un tacto
para apreixarmos tenramente
a vida

a vida
amarra e desamarra
horizontes e fronteiras
que se cruzan

hai momentos
en que semella fuxir
por entre os dedos
e sangramos frío

e outros
en que disfraz
a sombra dos días
e acariña soidades

cando leva rumbo incerto
é coma se o tempo
estrugase a esperanza

por iso os poemas
tantas veces
estiñan e erosionan
ennobelando
a ollada

a ollada
radical e posíbel

de sermos nós

a de tantas xeracións
que amaron esta escura terra
sedentas dun tempo
postergado

e dunha vida
que se escancia
a golpes

sostermos esa ollada
é a única navegación
que nos queda

esa ollada
e riscarmos coas unllas
a noite

a noite
cabalga ruidosamente
por un ceo de cristais
partidos

fai casa en nós
destecendo sombras
e apurando un último café

ao seu abeiro
medran clandestinas
páxinas e nubes

da noite que é chuvia
extraemos furiosamente
a voz

escoración... (II)

o lugar

onde nacemos
desde as idades do frío

habita en nós
e transfórmanos en pingas
de saudade

escrito vai
como se escriben as promesas
nas liñas da man

e só se esvae
cando a morte teimuda
dá en instalarse nos días
para nos aloumiñar feramente

o noso lugar
abeira un tempo de laios
que devolve
unha e outra vez

a paisaxe

a paisaxe

sombra comprometida da terra
que un día
tivemos que cuspir

caladamente

nas súas entrañas
a vida convoca máis vida
para nós

e das súas sombras
rabuñamos poemas e soidades

paisaxe que alumea
e creba estremecidamente
o silencio

o silencio
deixa un rastro de sombras
por onde supura o inverno

fende as nosas mans
e apréixanos irremediabelmente
contra o seu van

máis alá do seu eco
intuímos un rumor agochado
que nos conmove
e nos dobrega

pero é a súa ausencia
a que desarma o noso combate

desgastando impudicamente
o poema

o poema
felinamente sucede

soterra palabras
no extraviado mar
que erosionan os días
e a súa pasaxe

das súas estremas
parten barcos virando
a sotavento

o rumbo que dita
entráñase
nas beiras da noite
como un tatexo febril

sucede o poema
e convoca un rumor de vida
e un alento bretemoso

sen o seu percutir
os nosos dedos caídos
apenas debullan
a soidade

[Poemas do libro *escoración dos días* (2007)]